

Axiordo

2020 - 2021


O CAMIÑO
DE
SANTIAGO



EQUIPO DE DINAMIZACIÓN
DA LINGUA GALEGA




CPI Plurilingüe
Arquitecto Palacios



ÍNDICE

• Editorial.....	1
• Concurso de relatos de terror para o Samaiñ.....	2
• Concurso de máscaras terroríficas.....	8
• Concurso de debuxos e textos do outono.....	9
• Día Internacional da Discapacidade. Baixo un mesmo paraugas....	12
• Nadal. Concurso de debuxos e textos para a tarxeta de Nadal....	14
• Cartas para o Carteiro Real e para o Apalpador.....	16
• Conto do Apalpador.....	18
• Día da Paz.....	19
• Día dos Namorados	21
• Rosalía de Castro.....	22
• Entroido 2021	24
• Día da Muller:.....	26
• Día da Poesía.....	27
• Faraón. Rei de Exipto.....	29
• Semana Escolar dos Camiños de Santiago.....	30
• Día do Libro.....	32
• Día das Letras Galegas 2021: Xela Arias.....	35
• Charla sobre o acoso escolar.....	45
• Graduación de 6° de E.P. e 4° da E.S.O.....	46
• Participación en diferentes concursos organizados por diferentes entidades.....	47
• Concurso de relato oral "Tiralles da lingua".....	48
• Concurso "Olla a palabra do día".....	49
• Concurso de videopoemas sobre Rosalía de Castro.....	50
• III Concurso de podcast Radio na Biblio.....	52
• I Concurso "Primavera videoliteraria do Val Miñor".....	53
• Concurso de debuxo da Asociación Galega de Apicultura.....	54
• II Certame de micropoemas Beatriz da Serra.....	55
• Concurso de debuxo sobre Seguridade Vial.....	57
• Concurso "Móvetete co galego".....	58
O Camiño de Santiago.....	59
Deportes.....	77





Editorial

Esta é a revista anual do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do C.P.I. Plurilingüe Arquitecto Palacios (Panxón-Nigrán). Nela recolleemos un resumo do acontecido durante este curso 2020-2021: as diferentes celebracións que se festexaron no colexio, moitas delas online a causa da pandemia da COVID-19, os diferentes concursos nos que participou o alumnado, tanto os organizados polo EDLG e a Biblioteca do Colexio como os organizados por outras entidades, o mellor traballo seleccionado entre os que entregou o alumnado sobre o Camiño de Santiago, tema do proxecto do PLAMBE da Biblioteca neste curso, o mellor traballo seleccionado entre os que entregou o alumnado sobre Xela Arias, escritora homenaxeada no 2021 o Día das Letras Galegas, o resumo do campionatos deportivos que houbo no colexio durante o curso.

Na elaboración desta revista participou todo o alumnado do colexio coa axuda de todo o profesorado, ós que lles damos as grazas.

Desexamos que vos guste. Que pasedes un bo verán!



Celebracións no curso

Concurso de Relatos de para o Samaín

Durante os meses de outubro e a primeira semana do mes de novembro houbo un "Concurso de debuxos ou bandas deseñadas de terror" para 1º e 2º de Educación Primaria. A gañadora foi Aurora, de 1º de Educación Primaria. Tamén houbo un "Concurso de relatos de terror" para o resto do alumnado de Ed. Primaria e para o alumnado de E.S.O.

O gañador do relato de terror de Ed. Primaria foi Gabriel, alumno de 3º de Ed. Primaria.

En Secundaria houbo un empate entre María Blanco e Martín Chamorro, de 2º A da ESO.

TERROR

Concurso
RELATOS DE TERROR

Entrega o venres 30 de outubro





Para Participar tedes que escribir un relato de terror no folio que vos daremos

PODEDES ILUSTRALO


Os premios ás persoas gañadoras entregaranse durante a festa do Outono

BIBLIOTECA ESCOLAR
EQUIPO DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA







Gabriel Cotobad
3º EP





Maria Blanco
2 ESO A



Martín Chamorro
2 ESO A



Concurso de Máscaras

TERRORÍFICAS

Durante os meses de outubro e novembro houbo un Concurso de máscaras terroríficas.

As gañadoras son:

Antía e Erika, de 1º da ESO.

EQUIPO DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA

BIBLIOTECA ESCOLAR

Arquitecto Palacios

CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios

Concurso

MÁSCARAS

TERRORÍFICAS

Entrega o venres 30 de outubro

PREMIARASE Á:

- A QUE MÁIS MEDO DEA
- A MÁIS TRABALADA
- A MÁIS ORIXINAL

Os premios ás persoas gañadoras entregaranse durante a festa do Outono

Bibliotecas escolares de Galicia

ga



Concurso de Debuxos e Textos do Outono

Durante os meses de outubro e novembro houbo un "Concurso de debuxos e textos do outono".

A gañadora do concurso de Educación Primaria foi: Sara, alumna de 3º de Ed. Primaria; e a gañadora de Secundaria foi:

Raquel García García, alumna de 3º A da ESO.
(ENGADIR AS FOTOS DO CARTEL ANUNCIADOR DO CONCURSO, DOS DEBUXOS E TEXTOS

BIBLIOTECA ESCOLAR
CPI Arquitecto Palacios

Bibliotecas escolares de Galicia

CPI Plurilingüe Arquitecto Palacios

EQUIPO DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA


Concurso de textos do Outono

Prazo de entrega: ata o venres, 30 de outubro

@s gañadores/as terán un premio a recibir na festa do outono.

ANIMÁDEVOS!!!






TARDE OUTONAL

Era unha tarde de outono como outra
 Calquera. As follas dos árbores caían
 e o vento e a chuvia non paraban.
 Minha amiga máis eu decidímonos ir
 a un soute cercano a colleccións
 para facer un magosto. Fíxose de noite
 sen que case nos desemos conta. Píñomelo
 tamén! Atrás noso. arxantamos un
 ruido. Que medo! Finalmente Xam, o noso con
 nois tras as árbores. O pillabám leoba
 toda a tarde espreitándonos sen que o vísemos.


Sara Pérez Puente 3º de primaria





Raquel García
García, de 3º A da
ESO





Día da Descapaciade: Baixo un mesmo paraugas




Co lema Baixo un mesmo paraugas o alumnado uniuse á celebración do día 3 de decembro, Día Internacional da Discapacidade.



Todos somos iguais





Nadal 2020

Neste curso houbo unha especie de Festival de Nadal online. Algunhas alumnas do colexio gravaro panxoliñas galegas en vídeo que logo viron o resto do alumnado:

Laura, alumna de 2º de Ed. Primaria, cantou a panxoliña "Falade ben baixo".

Nerea, alumna de 5º de Ed. Primaria, cantou a panxoliña "Por entre as silveiras".

Andrea e Zoe, alumnas de 6º de Ed. Primaria, cantaron a panxoliña "Nadal de Luintra".

P a n x o l i ñ a s



Laura, de 2º E.P., cantando a panxoliña "Falade ben baixo"



Nerea, de 5º de E.P., cantando a panxoliña "Por entre as silveiras".




Andrea e Zoe, de 6º de E.P., cantando a panxoliña "Nadal de Luintra".



No mes de decembro o alumnado de Educación Primaria escribiu cartas para o Carreiro Real e o Apalpador.







No mes de decembro tamén houbo un contacontos para o alumnado de Educación Primaria. O Apalpador contoullas a súa historia.

Ademais houbo o Concurso de debuxos e textos para a tarxeta de Nadal. Os gañadores foron Caetana, Valentina, Nikol, Zoe, Martín,...








100 km
SARRIA
GALICIA

Día da Paz




Para festexar o Día da Paz, o 30 de xaneiro, houbo un Concurso de marcapáxinas con mensaxes e poemas sobre a Paz no que participou todo o alumnado. Recollemos a continuación as fotos dos marcapáxinas de Educación Primaria e de Secundaria gañadores do concurso e do mural que se fixo con todos plastificados:



Martín Chamorro, de 2º A da ESO, gañador de Secundaria.





Só tres letras,
 tres letras nada máis.
 Só tres letras que para sempre aprenderás.
 Só tres letras para escribir PAZ e OZ de zafiro e de zafal.

• Para cantar PAZ.
 • Para facer a PAZ.

• OP do paz.
 • OA de amor.

• De zafiro por un mundo azul
 • e de zafal por un nenxo como ti.

Sabela, de 1º da Ed. Primaria, gañadora de Primaria.




Día dos Namorados



Para festexar o Día dos Namorados, o 14 de febreiro, houbo dous buzóns, un para Educación Primaria e outro para a ESO, onde o alumnado meteu cartas de amizade e amor para os seus compañeiros/-as.

Cartas da amizade. Día dos Namorados 14 febreiro





Día de Rosalía

Para festexar o Día de Rosalía de Castro, o 24 de febreiro, todo o alumnado do colexio fixo rosas de papel con versos de Rosalía de Castro e recitou poemas dela, incluíndo os que teñen que ver co Camiño de Santiago, tema do proxecto PLAMBE da Biblioteca neste curso.

Así mesmo houbo alumnado que participou no Concurso de videopoemas sobre Rosalía de Castro, organizado pola Casa-Museo de Manuel María. O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria participou no Concurso de debuxos sobre Rosalía de Castro, organizado pola



Alguns alumnos de 1º ESO.



Algunhas rosas de 6º E.P.



Alguns alumnos de 2º A da






Alumnado de 3º A da ESO

Alumnado de 4º da ESO





ENTROIDO 2021



Neste curso o Entroido 2021 celebrou o alumnado de Educación Primaria do colexio disfrazándose de personaxes do Camiño de Santiago, tema do proxecto do PLAMBE da Biblioteca durante este curso. O alumnado de Secundaria fixo murais sobre o Entroido típico galego. E o alumnado de 1º da ESO fixo máscaras de peliqueiros.

Entrega antes do 18 de febreiro

EQUIPO DE DINAMIZACION DA LINGUA GALEGA

CONCURSO MÁSCARAS

HABERÁ PREMIOS PARA OS GAÑADORES.

BIBLIOTECA ESCOLAR

Bibliotecas escolares de Galicia

ENTROIDO

(Vaia) OURENSE
Os seus participantes son os vapores das fogueiras do 20 de febreiro.

(Laca) OURENSE
Temporada de festas, tempo de baile, tempo de xogos, tempo de prazeres.

(Vaia de Bala) OURENSE
Vaia de Bala é un tipo de vaia que se fai con bolas de madeira e madeira.

(Laca-Vaia) PONTEVEDRA
As laca e vaia son os tipos de vaia que se fai con madeira e madeira.

Entroidos Galegos

OS FELLOS
-Hácese o diaz e é como o usual que os peliqueiros participan os homes xerados do espírito resente e entronca.

OS REQUISITOS
-Joga, é un tipo de vaia que se fai con madeira e madeira.

O BORGIDO
-Vaia de Barga, é un tipo de vaia que se fai con madeira e madeira.

OS REQUISITOS
-Joga, é un tipo de vaia que se fai con madeira e madeira.


OS FELLOS
-Hácese o diaz e é como o usual que os peliqueiros participan os homes xerados do espírito resente e entronca.





Lembrarvos que para ver as fotos do Entroido 2021 do alumnado de Educación Primaria do colexio podedes ir ao bloque da nosa biblioteca "A pega rabilonga" (o que vedes entre comillás é o nome do enlace do instgrama.





Día da Muller

Para celebrar o Día da Muller, o 8 de marzo, todo o alumnado do colexio recibiu información sobre as principais mulleres ilustres galegas e sobre as mulleres na Ciencia. Fixeron traballos sobre elas. Así mesmo tamén elixiron que muller queren ter na porta da súa aula de entre as mulleres sobre as que traballaron. As alumnas de 4º da ESO fixeron un mural cos debuxos dos cadros das mulleres artistas do Museo do Prado.




Día da Poesía





Martina, de 2ºA da ESO


Para celebrar o Día da Poesía, 21 de marzo, todo o alumnado do colexio gravou vídeos cos recitais de poemas de escritores galegos sobre o Camiño de Santiago, tema do proxecto PLAMBE da Biblioteca durante este curso.



Rebeca e Paula Pereira, alumnas de 2ºB da ESO



Tonatiuh, de 3ª da ESO



Raquel, de 3ª da ESO




Iago Vilas Iglesias, de 3ª da ESO



Faraón: Rei de Exipto

O alumnado de 1º e 2ª da ESO viaxou ao Antigo Exipto da man da Cidade da Cultura. Participaron nas visitas-didácticas en liña que o Equipo de Educación e Mediación organizou para dinamizar a exposición procedente da colección de exiptoloxía do British Museum de Londres.







Semana Escolar dos Camiños de Santiago




Durante o mes de abril o alumnado de 5^o e 6^o de Primaria participou na Semana Escolar dos Camiños de Santiago.

SEMANA ESCOLAR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

ABRIL DE 2021




Día do Libro





Para festexar o Día do Libro, 23 de abril, todo o alumnado de Educación Primaria gravou a lectura de fragmentos do libro "O milagre das estrelas. Aventuras do Mago Antón no Camiño de Santiago", de Dario Xohán Cabana. E o alumnado da ESO leu fragmentos de "Endrina e o segredo do peregrino", de Concha López Narváez. Os dous son libros que tratan sobre o Camiño de Santiago, tema do proxecto PLAMBE da Biblioteca durante este curso.


Así mesmo, para celebrar o Día do Libro organizouse un Concurso de bookfaces.





Todo o alumnado da ESO fixo poemas, por aula, sobre o Camiño de Santiago seguindo a técnica dos cadáveres exquisitos. Tamén podeades ver os debuxos dos cadáveres exquisitos.





O CAMIÑO DE SANTIAGO

2ª A

Camiñado polas vales, camiños e vilas

Camiño pasando por aldeas

Polas beiras delas

En ~~os~~ lugares lindos

E pasmado quedo

Condo por ali pasas

Querendo pasar

Pasar pola arboleda

~~debenos de andar~~

.

~~Vendo pinaxos fermosos~~ Vendo pinaxos fermosos


Fermosas como balboretas

Levo polo camiño de Santiago

A cominar a Santiago me afago.

EM a Santiago chega





O CAMIÑO DE SANTIAGO

Preparando a equipaxe me encontraba

Xa dirixíndome hacia a entrada

Todos os peregrinos camiñando pola estrada

Vou vendo paisaxes silandeiras,

Paso por aldeas silenciosas

Recorro cidades grandiosas

Con monumentos en moita historia

que quedarán na miña memoria.

Chegarei ao Pórtico do Lenio.

Será unha recompensa merecida

Chegarei a Santiago, á catedral fermosa

E cantarei vitoria

2º B de ESO




DÍA das Letras Galegas 2021: Xela Arias

Para festexar o Día das Letras Galegas, 17 de maio, todo o alumnado do colexio veu vídeos sobre Xela Arias, a escritora homenaxeada este ano. Tamén virón o que varios alumnos e alumnas do colexio, de Educación Primaria e da ESO, fixeron sobre esta escritora. Así mesmo alumnado de Educación Primaria e da ESO participou no III Concurso de podcast Radio na Biblio sobre Xela Arias.



Xela Arias ten rúa en Sarria





Xela Arias Castaño naceu en Lugo no 1962 co nome de María de los Ángeles, aínda que o cronista Xaime Félix López Arias dixo que rexistraron o seu nacemento en Sarria (Lugo). Filla de Amparo Castaño López e Valentín Arias López, tamén mestre, escritor e tradutor. En 1984 María de los Ángeles converteuse en María dos Anxos e dende os seis anos chamárona Xela. Finalmente, en 1995 o xuíz Alejandro Roa Nonide autorizou o cambio de nome a Xela.

Dende 1980 Xela Arias comezou a publicar en xornais e revistas como A Nosa Terra, Diario 16 de Galicia, Faro de Vigo, Xornal de Noticias do Porto, Dorna, Tintimán, Carel ou Katarsis. Colaborou en publicacións como Festa da Palabra Silenciada, Luzes de Galiza ou no Boletín Galego de Literatura e formou parte do consello de redacción de Viceversa, unha revista de tradución ao galego.

A súa introdución no mundo literario produciuse en 1986 con Denuncia do equilibrio, un innovador poemario, cun tema heteroxéneo que prioriza os seus antecedentes sobre a súa forma e sintaxe arbitrarias. Con este traballo deuse a coñecer e conseguiu ser finalista do premio Losada Diéguez. Nese mesmo ano ingresou na Asociación de Escritores e Escritoras de Lingua Galega.

Xela Arias tamén escribiu historias, algunhas das cales se atopan na obra Contos erótica / Elas de 1990. Ademais, en 1991 colaborou co grupo de rock de Vigo Desertores, gravando a letra dun dos seus discos, con cancións baseadas nos seus poemas.

Tres anos despois do nacemento do seu fillo Darío, en 1996, publicou Darío a diario, onde a poeta ofrece unha reflexión sobre a súa propia experiencia como nai, cunha relectura da maternidade afastada da visión tradicional e do cotián.

A súa obra poética tamén se deu a coñecer a través de libros colectivos como Word da muller (1992) ou Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritores galegos (1997)





A súa Poesía reunida publicouse en novembro de 2018, cunha edición, introdución e notas da filóloga e ensaísta María Jesús Nogueira.¹² Neste volume, Denuncia do equilibrio, Tigres coma cabalos, Darío a diario e Intempériome. Nogueira destacou na obra de Xela Arias as súas investigacións sobre as contradicións do ser humano e a orde social, explorando a dimensión social da poesía desde unha perspectiva máis próxima á dos anos 90 que das xeracións anteriores.


Morreu en Vigo no ano 2003 por un ataque cardíaco.




O alumnado de 2º de Educación Primaria fixo unha fotobiografía e bibliografía de Xela Arias.









Día dos Maios

O alumnado de 6º de Educación Primaria fixo un maio en representación de toda Educación Primaria e o de 4º da ESO fixo outro en representación de toda a ESO. Así mesmo houbo un Concurso de debuxos dos maios para 1º e 2º de Educación Primaria. Os gañadores del foron Sabela e Elián, de 1º de Educación Primaria. Tamén houbo un Concurso de Coplas dos maios. A gañadora de Educación Primaria foi Zoe Blas Bulzacca, alumna de 6º de Educación Primaria; e a gañadora da ESO foi Sofía Sio, alumna de 3º B da ESO. Varias alumnas de 3º de Primaria tamén recibiron o seu agasallo por facer coplas dos maios que tamén resultaron gañadoras. Son Reyes, Valentina, Sofía, Sara, Laura e Marieta.



Sabela, de 1º E.P., unha das gañadoras do "Concurso de debuxo dos maios".










Elián, de 1º E.P., foi outro gañador.





Alumnas de 3º de EP lendo as coplas dos maíos (de drta. a esqda. Reyes, Sofía, Laura, Marieta e Sara)





Zoe, de 6º de E.P., gañadora do Concurso de coplas dos maíos de toda Educación Primaria





Alumnado de 6° de E.P.
cargando o maio de
Educación Primaria

COPLAS DOS MAIOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A primavera xa chegou
e os maios imos cantar,
aínda que pola COVID estamos separados
moi ben nolo imos pasar.


Arredados poderemos bailar
estas cantigas que acabamos de facer.
Todos xuntos imos festexar
e pasarémolo moi ben.

Todos xuntos colleitamos
moitas flores para decorar
o noso maio de Primaria
que quedou fenomenal.

Busca na casa, busca no monte
flores, fiúncho, ovos e laranxas
para facer os colares
que o noso maio engalanan.

Esta cantiga remata
e dámosvos as grazas
por nos escoitar
e o noso maio admirar.





Sofía Sío, de 3º B da ESO, gañadora das Coplas dos maíos da ESO.

COPLAS DOS MAIOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

<p>Chegou a primavera chea de flores; levanta a vista e ve as súas cores.</p> <p>Deslumbrada entre todas, colorida por completo, coas súas vestimentas a primavera de regreso.</p> <p>Perséfone sorriu, a deusa da primavera, os xirasoles xiráronse e alegrouse a natureza.</p> <p>Papoulas sorrindo, mazás polos camiños, margaridas rindo, campesiños nos cultivos.</p>	<p>Tomei ovos das galiñas, laranxas na merenda; fixen con elas coroas e quedei moi contenta.</p> <p>Fixemos un maio en Secundaria con ovos, flores e laranxas; formamos con eles cadeas e decoramos o maio con elas.</p> <p>Enchémoslo de fiúncho; puxémoslle flores e o noso maio quedou lucindo as súas cores.</p> <p>Pese á pandemia da COVID festexamos os maíos con máscaras e con distancia para non ser contagiados.</p>
--	---



O alumnado de 4º da ESO co maio que fixeron en representación de toda a ESO



Charla sobre o acoso escolar

O pasado 13 de maio, en relación co Día do Acoso Escolar, 2 de maio, houbo unha charla online sobre este tema para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e de todo o da ESO. Deuna Luisa Abad Abad.

CHARLA

Impartida por **Luisa Abad Abad** e dirixida ao Alumnado de 5º e 6º de Primaria e Secundaria.

13 MAIO

PREVER, DETECTAR E ACTUAR





Graduación do Alumnado de 6º Educación Primaria e 4º E.S.O.


O martes, 22 de xuño, foi a graduación do alumnado de 6º de Educación Primaria e do de 4º da E.S.O. O alumnado de 6º de Educación Primaria recibiu cadansúa cunca cos nomes de tódolos alumnos e alumnas do curso e cadanseu diploma; e o alumnado de 4º da E.S.O. tivo un acto de graduación no Salón de Actos con todo o seu profesorado. Viron un vídeo de toda a súa escolarización e logo recibiron cadanseu diploma.



6º de Ed. Primaria







Concurso de relato Oral "TIRALLE DA LINGUA"

No mes de outubro unha alumna de 1º de Educación Primaria, Sara Rodríguez García, unha alumna de 3º de Educación Primaria, Sara Pérez Puerta, dúas alumnas de 6º de Educación Primaria, Zoe Blas Bulzacca e Andrea Rodríguez Villar, unha alumna de 3º A da ESO, Lúa Juárez González, e un alumno de 3º A da ESO, Antón Lamas

Muradás, participaron no Concurso de relato oral "Tiralles da Lingua", organizado pola AS-PG.

A gañadora de Educación Primaria a nivel de toda Galicia foi Sara Rodríguez García, alumna de 1º de Educación Primaria, coa gravación en vídeo do conto "Os chibos chibõns".



Sara Rodríguez García,
de 1º de Primaria





Concurso: "OLLA A PALABRA DO DÍA"

Algún do alumnado de 6º de Educación Primaria (Zoe Blas Bulzacca, Roque, Alejandra, Inés e Nikol) e algunha das alumnas de 4º da ESO (Lucía e Rocío Laiz, Uxia, Iria Alonso e Cynthia Figueroa Conde) fixeron debuxos para ilustrar palabras en relación do medio ambiente, no caso do alumnado de 6º, e con Ricardo Carballo Calero, no caso das alumnas de



4º da ESO. Cos murais cos diferentes debuxos participaron no Concurso "Olla a palabra do día", organizado pola Real Academia Galega. Déronlles un diploma pola súa participación.

RICARDO CARVALHO CALERO



NARRADOR



DRAMATURGO



Orador




GRAMÁTICA



Mural feito por alumnas de 4º da ESO





Concurso de Videopoemas sobre Rosalía de Castro

A finais de abril as alumnas de teatro (Raquel, Ariane, Erika, Brisa, Alejandra Pardo, Alejandra Méndez, Carla e Sofia Vernaz) gravaron videopoemas de Rosalía de Castro para participar no Concurso de videopoemas sobre Rosalía de Castro e/ou Manuel María, organizado pola Casa Museo

de Yerout Fernández Pereira, alumno de 3º A da ESO, e



Mario Pérez Costa, alumno de 4º da ESO.






Mario Pérez Costas, de 4º da ESO



Yerout, de 3ª da ESO





III Concurso de podcast "Radio na Biblio"



No mes de abril houbo un concurso de podcast de radiofónicos sobre Xela Arias para presentar ó III Concurso de podcasts Radio na Biblio. Estas gravacións logo aproveitáronse para facer un video sobre Xela Arias.



I Concurso Primavera Videoliteraria do Val Miñor

No mes de maio dúas alumnas de 5° de Educación Primaria (Brenda Lesme e Nerea Carvalho) e un alumno de 2° A da ESO, Lois Cruces, participaron no I Concurso videoliterario do Val Miñor con cadanseu videopoema. Brenda quedou de segunda na súa categoría e Nerea e Lois recibiron cadanseu accésit, cada un na súa categoría. Foron buscar os seus agasallos ó Auditorio de Gondomar o venres 28 de maio nun acto de entrega de premios.



Brenda, alumna
gañadora do 2°
premio.
Momento da entrega
de premios.





Concurso de debuxo da Asociación Galega de Apicultura

O alumnado de 4º e 5º de Educación Primaria ata o 14 de maio fixo debuxos relacionados co mundo das abellas para participar no Concurso de debuxo organizado pola Asociación Galega de Apicultura. O alumnado de 6º de Educación Primaria tamén participou neste concurso facendo postais sobre o mesmo tema.



Roque, 6º Primaria



Iria Pujol Batelón 4º P



Alba Pérez Chamorro de 5º de Primaria

II Concurso de micropoemas Beatriz da Serra


Unha alumna de 2º B da ESO, Paula Pereira Comesaña, e algún do alumnado de 3º A da ESO, Sol Yasira González Alonzo, Paula Leal Blach, Tonatiuh Escanero Carrera, Antón Lamas Muradás e Marcos Vila Fernández, participaron no II Concurso de micropoemas Beatriz da Serra, organizado polos EDLG do IES Proval, IES Terra de Turonio, de Gondomar, e IES Carlos Casares.

BURBULLA

Cando se queda con todo volve a ser rutina. Invadímelle as emocións, escíndese na burbulla da que non pode fuxir. Chora en silencio cando rínguita a vo. Apecha a súa dor.



Micropoema de Paula Pereira, de 2º B da ESO.



Amor sen cancelas

Non importa a onde vaias;
xa non importa o camiño.
Soamente importa o meu amor,
e que ningún virus separe
o meu agarimo.

Micropoema de Antón Lamas Muradás, de 3º A da ESO.

Micropoema de Tonatiuh Escanero, de 3º A da ESO.




XERMOLO PRIMAVERAL

*O desce do inverno
descendendo polo cumo
mentres que a primavera
expansíase polo vello.*

*Os árboles e flores nacen
mentres que o inverno morría
e a neve
das alcas espárase arde.*


DESACOUGO

Marabiloso era verte
e moi malo non verte.
Ti dexáchesme tirado
e o silencio era eterno.
Dor era o que eu sentía
por non te ter ó meu lado.



Micropoema de Marcos Vila Fernández, de 3º A da ESO.





AGARIMO

Chuvia caía pola cidade.
Xurdiron os teus bicos
cheos de amor
e con moito cariño
chegaban ó meu corazón.

Micropoema de Sol González Alonzo, de 3º A da ESO.

Xela



Micropoema de Marcos Vila Fernández, de 3º A da ESO.

Bonito era ver,
que ela sempre estaba,
con ela,
o tempo paraba.

Cabelos brancos coma a neve,
e grande corazón,
esa era Xela,
o meu grande amor.




Sentimento

Sentimento era o que a min me faltaba
e cando ti non estabas preto
o ceo choraba.

Faltábame o teu sorriso,
faltábame o teu amor.
Estas rimas as face
do meu máis amor.



Micropoemas de Paula Leal Blach, de 3º A da ESO



Agarimo

o silencio era tenro,
pero máis tenro é o agarimo.
Se ti foras unha sombra,
perderíame contigo.


Quérote,
iso me dis,
mais eu non o cría.
Compaxión de min sentía.



Concurso "MÓVETE CO GALEGO"

Algún do alumnado de 3º B da ESO gravou tres vídeos cos que participou no Concurso "Móvete co galego", organizado pola ILG (Instituto da Lingua Galega).





O Camiño de Santiago

Principales rutas del Camino de Santiago



The best way to discover Galicia



Camino Francés

Camino Portugués Central

Camino Portugués por la Costa

Camino del Norte

Camino Primitivo


Camino Inglés

Camino a Fisterra y Muxía

Vía de la Plata

 Santiago de Compostela

01 Camiño Francés



É sen dúbida o roteiro que conserva máis vestixios vinculados á peregrinación, xa que a historia do século XI convérteo no itinerario xacobeo por excelencia. Con grande concorrencia e tradición.

É unha experiencia completa de longo percorrido, desde Saint-Jean-Pied-de-Port, e aínda máis se se elixe como punto de partida Jaca, Somport ou Oloron-Sainte-Marie, no val francés de Aspe.

Os seus servizos superan a calquera outro camiño de Santiago, xa que non hai pobo que non conte cun alberge.

Coñecido como Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio Mundial.

As variantes permiten, en moitos lugares, elixir tramos segundo os gustos. En canto á paisaxe resulta bastante variado, con zonas de montaña e



bosques, grandes chairas de cereais, de viñedos, praderías, tramos por vales, etc.

Así mesmo conta con varias cidades relevantes, moitas delas monumentais (Jaca, Pamplona, Ponferrada...), e con poboacións de indubidable encanto (Saint-Jean Pied-de- Port, Puente a Raíña, Estella...).

Refiríndonos á arte medieval trátase dun itinerario perfecto, xa que ademais de grandes catedrais poderemos coñecer outros templos singulares e mosteiros.

ETAPAS: Camiño Francés desde Saint Jean Pied de Port a Santiago

ETAPA ST. JEAN PIED DE PORT – RONCESVALLES → 24 KM

ETAPA RONCESVALLES – AKERRETA → 28 KM

ETAPA AKERRETA – PAMPLONA → 18 KM

ETAPA PAMPLONA – PUENTE A RAÍÑA → 19 KM

ETAPA PUENTE A RAÍÑA – ESTELLA → 19 KM

ETAPA ESTELLA – Os ARCOS → 21 KM

ETAPA Os ARCOS – LOGROÑO → 27 Km

ETAPA LOGROÑO – NÁJERA → 26 KM

ETAPA NÁJERA – SANTO DOMINGO DA CALZADA → 21 KM

ETAPA SANTO DOMINGO DA CALZADA – BELORADO → 22 KM

ETAPA BELORADO – SAN JUAN DE ORTEGA → 24 KM

ETAPA SAN JUAN DE ORTEGA – BURGOS → 26 Km

ETAPA BURGOS – HORNILLOS DEL CAMINO → 19 KM

ETAPA HORNILLOS DEL CAMINO – CASTROJERIZ → 19 KM

ETAPA CASTROJERIZ – FRÓMISTA → 25 KM

ETAPA FRÓMISTA – CARRIÓN DE LOS CONDES → 19 KM

ETAPA CARRIÓN DE LOS CONDES – CALZADILLA DE CÓZAA

→ 16 KM ETAPA CALZADILLA DE CÓZAA – SAHAGÚN → 22 KM

ETAPA SAHAGÚN – EL BURGO RANERO → 18 KM

ETAPA EL BURGO RANERO – MANSILLA DE LAS MULAS → 19

KM ETAPA MANSILLA DE LAS MULAS – LEÓN → 18 Km

ETAPA LEÓN – VILLADANGOS DEL PÁRAMO → 22 KM

ETAPA VILLADANGOS DEL PÁRAMO – ASTORGA → 26 KM

ETAPA ASTORGA – RABANAL DO CAMIÑO → 20 KM

ETAPA RABANAL DO CAMIÑO – MOLINASECA → 24 KM

ETAPA MOLINASECA – VILLAFRANCA DEL BIERZO → 32 KM

ETAPA VILLAFRANCA DEL BIERZO – HERRERÍAS DE

VALCARCE → 21 KM ETAPA HERRERÍAS DE VALCARCE – O

CEBREIRO → 9 Km ETAPA O CEBREIRO – TRIACASTELA → 21 KM

ETAPA TRIACASTELA – SARRIA → 17 KM

ETAPA SARRIA – PORTOMARÍN → 22 KM

ETAPA PORTOMARÍN – PALAS DE REI → 24 KM

ETAPA PALAS DE REI – MELIDE → 15 KM

ETAPA MELIDE – ARZÚA → 14 KM

ETAPA ARZÚA – RÚA → 19 KM

ETAPA RÚA – SANTIAGO → 21 Km



ST. JEAN PIED DE PORT




Astorga



Alto do Poio no Cebreiro





Os últimos 100 quilómetros do Camiño de Santiago Etapas do Camiño desde Sarria


ETAPA SARRIA – PORTOMARÍN → 22 KM

ETAPA PORTOMARÍN – PALAS DE REI → 24 KM

ETAPA PALAS DE REI – ARZÚA → 29 KM

ETAPA ARZÚA – RÚA → 19 KM

ETAPA RÚA – SANTIAGO → 21 Km



Portomarín





Castelo de Pambre
Palas de Rei
(Lugo)


Fotógrafos do paraíso tonino

Melide



Arzúa





GASTRONOMÍA

A sopa de allo, tamén coñecida como sopa castelá, é un prato tipicamente castelán leonés. De ingredientes comúns e baratos, é unha das grandes maravillas da “comida pobre española” e un dos pratos típicos que atoparás percorrendo o roteiro xacobeo.



**PERO PARAR COMER....
LUGO**



... E SOBRETUDO SÁRRIA



Cocido de porco celta en Sárria



02 Camiño do Norte



O Camiño de Santiago do Norte é o máis longo (máis que o Camiño de Santiago Francés e o Primitivo) dos camiños que levan cara a Santiago de Compostela. Utilizado para viaxar a Santiago de forma segura polos reis europeos durante gran parte da Idade Media, entre os seus moitos alicientes está a beleza das súas paisaxes.

ETAPAS:

Este camiño ten 820 km de percorrido ata Santiago e divídese en 34 etapas que son:

- Etapa 1: De Irún a San Sebastián (27,5 km.)
- Etapa 2: De San Sebastián a Zarauz (20,5 km.)
- Etapa 3: De Zarautz a Deba (22 km.)
- Etapa 4: De Deba a Markina (24,5 km.)
- Etapa 5: De Markina a Gernika (25 km.)
- Etapa 6: De Gernika a Lezama (21 km.)
- Etapa 7: De Lezama a Bilbao (11 km.)
- Etapa 8: De Bilbao a Portugalete (12,5 km.)
- Etapa 9: De Portugalete a Castro Urdiales (27,5 km ou 33,8 km., dependendo do roteiro que se elixa.)
- Etapa 10: De Castro Urdiales a Laredo (26,5 km ou 33 km., dependendo do roteiro que se elixa.)
- Etapa 11: De Laredo a Güemes (29 km.)
- Etapa 12: De Güemes a Santander (15,5 km.)
- Etapa 13: De Santander a Santillana del Mar (37 km ou 42,5 km., dependendo do roteiro que se elixa.)
- Etapa 14: De Santillana del Mar a Comillas (22 km.)
- Etapa 15: De Comillas a Colombres (29 km.)
- Etapa 16: De Colombres a Llanes (23 km.)
- Etapa 17: De Llanes a Ribadesella (31,5 km.)
- Etapa 18: De Ribadesella a Sebrayo (31,5 km.)
- Etapa 19: De Sebrayo a Xixón (36 km.)
- Etapa 20: De Xixón a Avilés (25 km.)
- Etapa 21: De Avilés a Muros de Nalón (22,5 km.)
- Etapa 22: De Muros de Nalón a Soto de Luiña (16 km.)
- Etapa 23: De Soto de Luiña a Cadavedo (23




Donostia-San Sebastián
Praia da Concha



Bilbao. Ponte colgante Bizkaia





- Etapa 24: De Cadavedo a Luarca (16 km.)
 Etapa 25: De Luarca á Caridade (29,5 km.)
 Etapa 26: Da Caridade a Ribadeo (22 km.)
 Etapa 27: De Ribadeo a Lourenzá (30 km.)
 Etapa 28: De Lourenzá a Gontán (23 km.)
 Etapa 29: De Gontán a Vilalba (24 km.)
 Etapa 30: De Vilalba a Baamonde (18 km.)
 Etapa 31: De Baamonde a Sobrado dos Monxes (40,3 km.)
 Etapa 32: De Sobrado dos Monxes a Arzúa (19 km.)
 Etapa Arzúa – Monte do Gozo (34,1 km.)
 Etapa Monte do Gozo – Santiago de Compostela (4,1 km.)



Ribadeo. Praia das Catedrais

GASTRONOMÍA

Irse de pintxos ou txikiteo por San Sebastián ou Bilbao é unha forma diferente de coñecer as rúas da zona vella de ámbalas cidades. O seu formato pode variar, atoparaste con infinitas posibilidades. Un dos típicos é o que ten como base unha rebanada de pan á que se lle engade desde a tradicional tortilla ata anchoas ou foie.



Cocido Montañés



Anchoas de Santoña



03 Camiño Vía da Prata



A Vía da Prata, tamén coñecida como o Roteiro da Prata ou o Camiño Mozárabe a Santiago, está composta por calzadas romanas que unían o suroeste co noroeste da Península Ibérica.

Así, é unha dos roteiros oficiais do Camiño de Santiago con máis historia xa que mostra as pegadas desde a época Romana e a Idade Media ata a actualidade.

A procedencia do nome "Prata" pode facer pensar que está relacionado coa prata metal. Agora parece claro que é debido á evolución do termo árabe B'lata, que vén a significar 'Camiño empedrado', o que fala é da Calzada Romana, do que tanto fixo uso o Imperio Omeya nas súas "razzias" contra xentes do norte.

ETAPAS:

Este camiño ten aprox 1 000 km de percorrido ata Santiago

- ETAPA SEVILLA – CASTILBLANCO DE LOS ARROYOS → 41 KM
- ETAPA CASTILBLANCO DE LOS ARROYOS – MONESTERIO → 67 KM
- ETAPA MONESTERIO – ZAFRA → 48 KM
- ETAPA ZAFRA – MÉRIDA → 65 KM
- ETAPA MÉRIDA – ALCÚESCAR → 37 KM
- ETAPA ALCÚESCAR – CÁCERES → 46 KM
- ETAPA OURENSE – SAN CRISTOVO DE CEA → 21 KM
- ETAPA SAN CRISTOVO DE CEA – LALÍN → 34 KM
- ETAPA LANDEIRA – VEDRA → 20 KM
- ETAPA VEDRA – SANTIAGO DE COMPOSTELA → 16 Km



Mérida




San Cristovo de Cea



Cáceres





GASTRONOMÍA

Esta receita contén ovos, tomates vermellos e maduros, chourizo, pementos do piquillo, chícharos, xamón, xudías verdes, cebola, allo, e espárragos verdes.

Con todo, os ingredientes deste prato tradicional sevillano adoitan variar en función de quen o prepare, aínda que sempre se serven nunha cazola de barro onde se estrelan os ovos postos en cru coas xemas ben separadas.



Torta do Casar

Ademais do Casar de Cáceres, a zona xeográfica que comprende a elaboración da "Torta del Casar" abrangue outros 35 termos municipais dentro das comarcas cacereñas dos Llanos de Cáceres, Serra de Fontes e Montánchez, ocupando así 400.000 hectáreas.

Para consumila adóitaselle rebandar a codia superior (que ao cabo servirá de tapa para evitar que se reseque) e untar a crema do seu interior en pan.

Unha despensa ou armario non moi cálido é o lugar idóneo para gardar este queixo. Se non é posible, gárdase na neveira e sácase un anaco antes da hora prevista do seu consumo para que tome temperatura.



Os famosos embutidos de Salamanca, coas súas características peculiares de sabor e "picor"



04 Camiño Portugués

O Camiño Portugués (ou Camiño Portugués Central) é o máis importante Camiño de Santiago con inicio en Lisboa. Hoxe en día os seus dous principais puntos de partida son Porto e Tui, esta última localidade na fronteira hispano-lusa. É o segundo camiño con máis afluencia. Cabe destacar que hai outros camiños portugueses, como o do interior e o da costa.



ETAPAS:

- Etapa 1: de Tui ao Porriño (16,6 km.)
- Etapa 2: do Porriño a Redondela (15,2 km.)
- Etapa 3: de Redondela a Pontevedra (19,6 km.)
- Etapa 4: de Pontevedra a Caldas de Reis (21,1 km.)
- Etapa 5: de Caldas de Reis a Padrón (18,6 km.)
- Etapa 6: de Padrón a Santiago de Compostela (23,7 km.)



Padrón




Ponte internacional. Tui



Casa Museo de Rolalía





GASTRONOMÍA

Se che gustan os doces, Portugal é o lugar para ti. O país luso conta cunha fantástica variedade de tortas, pasteis e doces. O máis famoso é, probablemente, a torta de crema pasteleira de Belém e, o seu estreito "curmán", o "pastel de nata". Unha masa cruxinte con exquisita crema doce, que seguramente quereiras probar todos os días que pases en Portugal.



Arroz con Bacalhau - receita portuguesa




05 Camiño Primitivo

O Camiño Primitivo é o Camiño de Santiago orixinal, é o primeiro do que se teñen referencias dunha peregrinación a Santiago de Compostela. Hoxe o Camiño a Santiago Primitivo destaca por ser declarado pola Unesco Patrimonio da Humanidade xunto aos camiños da Costa, Vasco do Interior e o de Liébana.




A Fonsagrada



A Fonsagrada-A Seimeira (Ferverza, Freixa, Ruxidoira,) de Vilagocende





ETAPAS:

- ETAPA OVIEDO-GRAO → 28 KM
- ETAPA GRAO – SALGAS → 23 KM
- ETAPA SALGAS – TINEO → 22 KM
- ETAPA TINEO – POLA DE ALLANDE → 31 KM
- ETAPA POLA DE ALLANDE – A MESA → 20 KM
- ETAPA A MESA – GRANDAS DE SALIME → 18 KM
- ETAPA GRANDAS DE SALIME – A FONSAGRADA → 28 KM
- ETAPA A Fonsagrada – Ou CÁDAVO → 26 KM
- ETAPA Ou CÁDAVO – LUGO → 32 KM
- ETAPA LUGO – A Ponte FERREIRA → 26 KM
- ETAPA A Ponte FERREIRA – MELIDE → 20 KM
- ETAPA MELIDE – ARZÚA → 15 KM
- ETAPA ARZÚA – RÚA → 20 KM
- ETAPA RÚA – SANTIAGO DE COMPOSTELA → 20 Km



Oviedo



Os Oscos e Terras de Burón



Alto do Acebo- Galicia- Asturias

O Cádavo



Lugo - Cidade Milenaria



GASTRONOMÍA


Cachopo asturiano

E agora imos co prato forte, contundente diría eu. Nin máis nin menos que un inmenso cachopo asturiano. Sábese cando se empeza a fincarlle o dente, pero nunca cando se vai a acabar.

Para saber que é un cachopo hai que cortalo pola metade e observar as súas diferentes capas. Un rebozado de dous filetóns de tenreira recheos de queixo e xamón, todo da terra. Aquí o tamaño si que importa, e aínda que existe unha versión infantil, os cachopines, non dubides en retar ao teu corpo co irmán maior.



Cachopo




Fabada Asturiana



Fabes con almejas





Que é o Butelo

O Butelo é un embutido feito co bandullo do porco (estómago) e recheo doutras partes do porco que previamente serán adobadas e maceradas (deixalas no adubo durante un día ou máis) antes de embutilas. O elemento principal de este recheo é a costela do porco, que terá un mínimo do 70%, que non quita que leve tamén coiros (pel do porco), trozos da cachucha (cabeza do porco), a soá fresca (espiñazo do porco) e calquera das partes do despece do porco cando se obtén a carne para os chourizos e outros embutidos.



Queixo de Arzúa



Butelo

Melindres e almendrados, os que ves, que son típicos de Melide



06

Camiño Inglés



O Camiño Inglés é o roteiro do Camiño de Santiago que debe a súa razón de ser aos peregrinos que chegaban por mar aos portos de Ferrol e A Coruña na costa galega para emprender a súa peregrinación a Santiago de Compostela.

O Camiño Inglés é un roteiro de tan só 120 km e pouco masificada. Dividido en dúas vertentes poderás escoller realizar o Camiño Inglés desde Ferrol ou desde A Coruña. Ambas se unen nas últimas dúas etapas ata Santiago de Compostela.

ETAPAS:

- Etapa 1 — De Ferrol a Neda (15 km.)
- Etapa 1 b — Da Coruña a Hospital de Bruma
- Etapa 2 — De Neda a Pontevedra (16 km.)
- Etapa 3 — De Pontevedra a Betanzos (20.2 km.)
- Etapa 4 — De Betanzos a Hospital de Bruma (27,8 km.)
- Etapa 5 — De Hospital de Bruma a Sigüeiro (24 km)
- Etapa 6 — De Sigüeiro a Santiago de Compostela (16,7 km.)




Albergue de Bruma



Betanzos





GASTRONOMÍA

Cando se trata de tortillas hai un pobo que vén á mente de forma automática: Betanzos . E como calquera pretexto é bo para meterse na estrada, especialmente se a unha oferta gastronómica apetecible únese un conxunto monumental polo que vale a pena pasear sen rumbo, convén deterse aquí.



Que zamburiñas máis apetitosas!!
Betanzos e Pontedeume

Falando de Betanzos non podemos esquecer a canción gastronómica: «Arroz con chícharos, patacas novas, repolo de Betanzos e máis cebolas»





07

Camino de Fisterra e Muxía



O Camino de Fisterra e Muxía, prolongación dos diferentes camiños desde Compostela ata o cabo de Fisterra, é froito dunha tradición milenaria de camiñar seguindo o curso do sol ata os confíns da terra, onde a Costa da Morte era o límite do mundo entón coñecido. Hoxe, como noutrora, moitos peregrinos finalizan aquí o seu periplo e continúan emocionándose ao contemplar en silencio a posta de sol sobre o océano.

ETAPAS:

Etapa 1_ Santiago de Compostela - Negreira (20,6 km)

Etapa 2_ Negreira - Oveiroa (33,6 km)

Cara a Fisterra

Etapa 3 F_ Oveiroa - Corcubión(21,4 km)

Etapa 4 F_ Corcubión - Fisterra (10,8 km)

Cara a Muxía e Fisterra

Etapa 3 M_ Oveiroa - Muxía(31,1 km)


Etapa 4 M_ Muxía - Fisterra(27,8 km)

Etapa 5_ Físterra - Faro de Finisterra(3,2 km)



FARO DE FISTERRA





GASTRONOMÍA

Os percebeos, cuxo nome científico é *Pollicipes*, son animais invertebrados mariños que habitan en case todos os océanos do mundo. Do mesmo xeito, podemos atopar ao redor de 1.220 especies diferentes deste animal. Este crustáceo, considerado un manjar exquisito en moitos lugares, é especialmente demandado nas zonas de Galicia.



E o resto dos mariscos, moi demandados nestas zonas e calquera parte de Galicia.



Os Deportes

Neste apartado falaremos sobre os deportes que neste triste e angustioso curso permitíronnos xogar no colexio. Non houbo case ningunha actividade xa que como comentamos antes a pandemia non o permitiu.

Xa contra finais de curso puidemos facer unha actividade na que a xente puido gozar nun recreo na pista de fútbol sala do patio da ESO. Este deporte é patinaxe.


A xente que participou en patinaxe foi: Antía e Erika de 1º da ESO, Borja de 2º da ESO e Tonatiuh, Antón, Marcos e Iago de 3º da ESO. O que fixeron foi un circuito de eslalon, saltos, xiros... e tamén fixeron unha carreira de velocidade. En resumo, que o pasaron en grande e todo o mundo quería repetir.

Na última semana de colexio, Carlos, o profesor de E.F de Secundaria, organizou un dos varios torneos que acostumábase facer nos anteriores anos. Este torneo foi relacionado co Bádmiton.



Momentos do campionato de Bádmiton.





Neste deporte houbo moita participación por parte de todas as clases de Secundaria. A continuación diremos os alumnos que participaron neste deporte:

De 1º da ESO: Manuel Domínguez, Jesús Da Silva, Xabier Soto, Álvaro Yáñez, Leo Areses, Eva Bolivar, Aarón Prado, Nicolás Capel, Sergio Pazó, Unai Costas, Samuel Crespo e Nayara Iglesias.


De 2º da ESO: Adrián Fernández, Martín Chamorro, Iker Folgar, Anxo Figueroa, Nacho Denis, Xoel Cañas, Daniel Clemente, Daniel Capel, Carlos Collazo, Borja Soto, Omar Dacosta, Hugo Gómez, Mario Pérez e Eric Fernández.

De 3º da ESO: Tonatiuh Escanero, Antón Lamas, Yerout Fernández, Marcos Vila, Iago Vilas, Gabriel Rodríguez, David Suárez, Lucas Soto, Pablo Torres, Carla Zamora, Sofía Vernaz e Mayara Vázquez.



Cómpre salientar tamén que a alumna Abril Quintela Hidalgo, de 1º da ESO, gañou o Campeonato de España de Ximnasia acrobática do 2020. Es unha fenómeno. Parabéns !!!





GRAZAS
A
TODOS
POLO
VOSO
TRABALLO

